

ACTA N 2020/17
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA
26.06.2020

ÍNDICE DE PUNTOS

| | |
|--|-----------|
| A) APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES : | 3 |
| PUNTO PRIMEIRO. ACTAS ANTERIORES. | 3 |
| B) EXPEDIENTES URBANÍSTICOS : | 3 |
| PUNTO SEGUNDO. LICENZA PARA DIVISIÓN DE LOCAL. | 3 |
| PUNTO TERCEIRO. LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN. | 5 |
| C) EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN : | 8 |
| PUNTO CUARTO. CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑO TARRÍO RAÍCES. | 9 |
| LOTE 1 DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DE VARIAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN INCLUÍDAS NO POS ADICIONAL 1/2019 , 3 LOTES. Expediente: 2019/C003/000024. | 9 |
| PUNTO QUINTO. CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN VIAIS NÚCLEO RAÍCES. | 11 |
| LOTE 3 DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DE VARIAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN INCLUÍDAS NO POS ADICIONAL 1/2019 , 3 LOTES.Expediente: 2019/C003/000024. | 11 |
| PUNTO SEXTO. ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO E DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO NO RURAL DO CONCELLO DE AMES. ACTUACIÓN IDAE. | 14 |
| PUNTO SÉTIMO. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DO SERVIZO DOS PROGRAMAS MUNICIPAIS DE CONCILIACIÓN LÚDICOS E ESCOLA DE VERÁN DO CONCELLO DE AMES. PROCEDEMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA E TRAMITACIÓN ORDINARIA. | 17 |

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 26 DE XUÑO DE 2020.

Sendo as catorce horas (14:00 h) do día vinte e seis (26) de xuño de dous mil vinte (2020), réunese a Xunta de Goberno local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde, José M. Miñones Conde e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde David Santomil Mosquera, Genma Otero Uhía, Luísa Feijóo Montero, Ana Belén Paz García e Natividad González Rodríguez.

Non asiste pero xustifica/n a súa ausencia o concelleiro José Blas García Piñeiro.

Asiste a interventor accidental, Emilio Moreira Garrido.

Actúa de secretaria a titular da corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

A) APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES :

PUNTO PRIMEIRO. ACTAS ANTERIORES.

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular ás actas das sesións anteriores, **ordinaria do 18.06.2020, e extraordinaria e urxente do 19.06.2020**, que foron distribuídas con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986 de 28 de novembro (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobadas as actas, por unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

B) EXPEDIENTES URBANÍSTICOS :

PUNTO SEGUNDO. LICENZA PARA DIVISIÓN DE LOCAL.

Expedientes : 2019/U018/000018

Dáse conta da solicitude achegada por [REDACTED] co NIF [REDACTED] en nome de **Minimun Gestión Integral de Proyectos S.L. co NIF núm. B-70373402**, para autorización para **división dun local** (local número 2, finca rexistral 38.214 de Ames, con referencia catastral 4540903NH3444S0002PE), do que resultarían dous locais. A situación do inmovible é na **rúa Cruza núm. 10, baixo do Milladoiro, en Ames.**

Figura no expediente proxecto de división do local comercial subscrito polo arquitecto [REDACTED] (COAG 3483).

Figuran ademais entre outros documentos, escrituras de propiedade. Cómpre constatar que a escritura reflicte a reserva do dereito do titular dos baixos á proceder a dividir en locais independentes, sen facer participe á comunidade de propietarios.

Descrición parcela aportada:

1.- Parcela aportada

Titularidade: Minimun Gestión Integral de Proyectos S.L.

Segundo escritura de compravenda segundo protocolo nº2.575 da Notaria Inmaculada Espiñeira Soto, de data 30.12.2014 proveniente da segregación orixinada no protocolo nº3.346 do Notario Nelson Rodicio Rodicio, de data 26.09.2006.

NÚMERO DOS.- LOCAL LIBRE 2. PLANTA BAJA.

Local comercial situado en la planta baja, de una superficie aproximada de : a) 176,90m²; y b) 173,65m².

Linda: al norte, con núcleo de Portal 2 y conducto de ventilación; al sur, con porche cubierto al que da frente y por el que tiene acceso y núcleo de Portal 1; al este, con Rúa Agro do Medio y núcleo de Portal 2; y al oeste, con núcleo de Portal 1, local libre 1 y núcleo de Portal 2.

Le corresponde una cuota de participación en la finca del 1,2079%

Inscrita no Rexistro da propiedade de Negreira:

Finca 38214

Tomo 1320

Libro 490

Folio 220

Inscripción 1ª

O proxecto redactado aos efectos prevé, considando a parcela matriz a parcela rexistral e coincidente coa realidade física dividir a parte a) 176,90m² á súa vez en dúas partes; deixando a parte b) 173,65m² coma resto de finca matriz

A división da parte a) do LOCAL LIBRE 2 da coma resultado dous locais coincidentes coa as actividades tramitadas aos efectos segundo os antecedentes de nome Local 2-B1A e Local 2-B1B

| | | |
|---|----------------------|--|
| Local aportado | | |
| Emprazamento: Rúa Cruza núm. 10,, baixo do Milladoiro | | |
| | Ref. Catastrais | Superficie Catastral e proxecto (non coincidentes) |
| Local 2-B1A | 4540903NH3444S0002PE | 75m ² |
| Local 2-B1B | | Non coincidente en superficie. |
| Compre a alteración do catastro para a súa correspondencia coa realidade. | | |

Figuran abonadas taxas por expedición de licenzas urbanísticas, por un importe de 64,57 €, conforme se detalla :

| | |
|--|---------|
| División do local num. 2, rexistral 38214 de Ames en dous locais | |
| Actividade municipal que se axuste ao feito imponible | 64,57 € |
| Importe total abonado conforme tarifa 1(*) .2ª (17/01/2020) | 64,57€ |

(*)No presente caso, non se trata da división dunha “parcela” urbanística á que refírese a tarifa 1, pois non se trata de segregación de parcelas urbanas (unidade de solo) senón que se trata da división de finca coma unidade de edificación, concretamente de locais (ex. Art. 26 do Real Decreto legislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo), polo que se entende que a tarifa 12 é a axeitada para o caso en cuestión.

Figuran informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de urbanismo.

Á vista dos informes favorables, técnico e xurídico obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto

1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Autorizar a **Minimun Gestión Integral De Proyectos S.L., NIF B-70373402**, para a **división dun local** (Nº 2, finca rexistral 38214 de Ames, referencia catastral 4540903NH3444S0002PE) sito na rúa Cruza núm. 10, baixo, Milladoiro, Parroquia de Biduído, en Ames, para dar lugar a dous locais, segundo o proxecto de división suscrito polo arquitecto Luís Lugo Vidán (COAG 3483), e o informe suscrito pola arquitecta municipal, dando lugar aos seguintes locais de resultado:

| Locais de resultado | Superficie construída m ² | Superficie útil m ² | Uso | Fronte a vial e alturas |
|---------------------|--------------------------------------|--------------------------------|--|-------------------------|
| Local 2-B1A | 78,30m ² | 76,10m ² | 2019/U027/000025.- Barbería | >3m >2,50m |
| Local 2-B1B | 98,60m ² | 94,60m ² | 2018/ U019/000043.- Cenor electrodomésticos | |
| | 176,90m ² | | | |

(*) Estas superficies útiles correspóndense co grafiado no documento técnico, segundo os elementos construtivos preexistentes

O proxecto técnico presentado non garante outros usos ou actividades posibles nos locais resultantes da parcelación autorizada pero si que cumpre cos mínimos xerais.

Os elementos construtivos que supoñen separación física entre locais son preexistentes.

A documentación non prevé obras de ningún tipo nin o presente informe supón autorización para realizar obras de ningún tipo nin legaliza as eventuais obras feitas sen autorización, no seu caso.

Segundo. Notificar o presente acordo aos interesados no procedemento co réxime de recursos que proceda ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa

Terceiro. Dar traslado aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Cuarto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO TERCEIRO. LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

1.Expediente : 2019/U007/0000

Dáse conta da solicitude achegada por [REDACTED], NIF [REDACTED] C, de licenza de **primeira ocupación** dunha **vivenda unifamiliar**, construída na parcela coa referencia catastral número [REDACTED] finca rexistral [REDACTED] de Ames, situada no Lugar de [REDACTED], Parroquia de Ames (Santo Estevo) segundo o catastro e no **Lugar** [REDACTED] Parroquia de Ames (Santo Estevo), en Ames segundo o PXOM.

A licenza de obras foi concedida a [REDACTED], NIF [REDACTED] pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data do [REDACTED], para construción de vivenda de

planta baixa e construción auxiliar para garaxe (expediente 2017/U022/000 [REDACTED]).

Figura no expediente certificado final de obra, de 08.11.2019, asinado polos técnicos directores das obras e visado polos colexios correspondentes.

Constan no expediente achegas de documentación complementaria da solicitude.

Figura no expediente acreditación do cumprimento da obriga dos propietarios de solo de núcleo rural da cesión de balde ao Concello de terreos para a regularización do viario, en aplicación do artigo 24 Lei do Solo de Galicia, o cal cumpriuse mediante mediante a formalización na escritura pública outorgada o 13.02.2017 ante o notario Francisco López Moledo por [REDACTED] (protocolo 196) e recolle a cesión de 138,00 m² (76 m² ao leste e 62 m² ao Oeste). A aceptación da devandita cesión realizouse por resolución da alcaldía do [REDACTED].2017 (Decreto [REDACTED]2017).

Non consta cumprimento por parte os titulares dos dereitos de propiedade da obriga de formalizar a incorporación dos bens inmobles no Catastro Inmobiliario así como das alteracións das súas características (artigo 13 do TRLCI) , transcorrido o prazo de dous meses desde a certificación final de obra. Dita omisión que pode ser constitutiva dunha infracción da normativa catastral, polo que procedería dar traslado á Xerencia Territorial de Catastro aos efectos oportunos.

Figuran aboadas taxas polo importe de 64,57 euros, en aplicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: por ocupación de vivendas unifamiliares de ata 200 m² de superficie construída, neste caso 171,91 m².

Datos para traslado aos servizos de tesourería e recadación:

- Axentes da edificación:

Promotor: [REDACTED], NIF [REDACTED]

Construtor: Construciones M. Rodríguez

Director de obra: [REDACTED] (4034 COAG)

Director de execución: [REDACTED] (2540 COATIEAC)

- Tributos:

a) Taxa por expedición de licenza urbanística:

Licenza de obra: superficie 171,91 m²: 171,91m² x 0,33 €/m²= 56,73 €

Taxa mínima: 64,57 €

Cartel de obr: 129,14 €

Total taxas 193,71 €

b) ICIO:

Liquidación provisional: 2,773,46 € (OEM proxecto: 138.673,29 €

Liquidación final de obra executada: 138.673,29 €.

Figuran informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de Urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Conceder a [REDACTED] NIF: [REDACTED], licenza de **primeira ocupación** dunha **vivenda unifamiliar** construída na parcela coa referencia catastral [REDACTED] finca rexistral [REDACTED] de Ames, situada no Lugar de [REDACTED], Parroquia de Ames (Santo Estevo), en Ames, segundo o catastro, e no **Lugar de [REDACTED] Parroquia de Ames**

(Santo Estevo) segundo o PXOM, obra executada ao abeiro do proxecto para o cal se concedeu licenza, segundo certifican o arquitecto [REDACTED] (4034 COAG) e o arquitecto técnico [REDACTED]z (2540 COATIEAC), certificado final de obra de 08.11.2019.

A licenza de obras foi concedida a [REDACTED]o, NIF [REDACTED], pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data do [REDACTED].2017 (expediente 2017/U022/0000 [REDACTED]).

Segundo. Dar traslado aos servizos de Tesouraría e Recadación aos efectos de eventuais actuacións de inspección ou comprobación co fin de practicar liquidación definitiva (art. 103.1 TRHL).

Terceiro. Dar traslado á empresa concesionaria dos servizos de auga e saneamento aos efectos das posibles altas nos censos tributarios que correspondan.

Cuarto. Dar traslado á Xerencia Territorial de Catastro de que non consta cumprimento neste expediente da obriga de formalizar a incorporación dos bens inmobles no Catastro Inmobiliario así como das alteracións das súas características (artigo 13 do TRLCI) no prazo de dous meses desde a certificación final de obra, dado que dita omisión pode ser constitutiva dunha infracción da normativa catastral.

Quinto. Notificar aos interesados no procedemento coa indicación do réxime de recursos que proceda ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

Sexto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

2.Expediente: 2020/U007/000 [REDACTED]

Dáse conta da solicitude achegada por [REDACTED], NIF [REDACTED] de licenza de **primeira ocupación de vivenda unifamiliar** construída na parcela coa referencia catastral [REDACTED] finca rexistral [REDACTED], situada no **Lugar de [REDACTED], Parroquia de Ameixenda**, en Ames.

Con data data do [REDACTED]2019, foi autorizada pola Xunta de Goberno Local , a licenza ao dito interesado para obras de construción de vivenda unifamiliar illada en planta baixa e semisoto. (incorpora peche que é tamén contención ao fronte)(expediente 2018/U022/0000 [REDACTED])

O proxecto foi obxecto de modificación, que foi autorizada pola Xunta de Goberno Local do [REDACTED].2020 modificación consistente nun incremento da superficie total construída, pasando de 155,09 m² a 180,60 m² (expediente 2019/U022/0000 [REDACTED])

Figura no expediente, certificado final de obra, asinado polos técnicos directores das obras e visado polos colexios correspondentes.

Figura informe favorable da arquitecta municipal, pendente de peche e contención ao fronte.

Constan no expediente achegas de documentación complementaria da solicitude.

En canto ao cumprimento da obrigatoriedade da incorporación dos bens inmobles no Catastro Inmobiliario así como das alteracións das súas características (Arts. 11 e ss., R.D. Legislativo 1/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario), consta a presentación no Catastro da declaración catastral o 2 de xuño do 2020, segundo informe da asesora xurídica .

Figuran aboadas taxas polo importe de 64,57 euros, en aplicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: por ocupación de vivendas unifamiliares de ata 200 m² de superficie construída, neste caso, 180,60 m² (tendo en conta a modificación autorizada, con data [REDACTED].2020.

Datos a trasladar aos servizos de tesourería e recadación:

- Axentes da edificación:

Promotor: [REDACTED], NIF [REDACTED],

Construtor: Euroconstruccion 166 S.L.

Director de obra: [REDACTED] (1.980 COAG)

Director de execución: [REDACTED] (1120 COATIEAC)

- Tributos:

a) Taxa por expedición de licenza urbanística:

Licenza de obra: superficie (coa modificación) [REDACTED] m² x 0,33 €/m²= 59,60 €

Taxa mínima: 64,57 €

Cartel de obra: 129,14 €

Total taxas 193,71 €

b) ICIO:

Liquidación provisional: 1.660 € (OEM proxecto: [REDACTED] €)

Liquidación final de obra executada: [REDACTED] €.

Figuran informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de Urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Conceder a [REDACTED] NIF [REDACTED], licenza de **primeira ocupación de vivenda unifamiliar** construída na parcela coa referencia catastral [REDACTED], finca rexistral [REDACTED], situada no **Lugar de [REDACTED], Parroquia de Ameixenda**, obra executada ao abeiro do proxecto para o cal se concedeu licenza, segundo certifican o arquitecto [REDACTED] (1.980 COAG) e o arquitecto técnico [REDACTED] (1120 COATIEAC).

A licenza de obras foi concedida ao devandito interesado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data do 21.02.2019 (expediente 2018/U022/0000 [REDACTED]). O proxecto foi obxecto de modificación, autorizada por Xunta de Goberno Local o [REDACTED].2020 (expediente 2019/U022/0000 [REDACTED]), modificación consistente nun incremento da superficie total construída, pasando de [REDACTED] m².

Segundo. Dar traslado aos servizos de Tesouraría e Recadación aos efectos de eventuais actuacións de inspección ou comprobación co fin de practicar liquidación definitiva (art. 103.1 TRHL).

Terceiro. Dar traslado á empresa concesionaria dos servizos de auga e saneamento aos efectos das posibles altas nos censos tributarios que correspondan.

Cuarto. Notificar aos interesados no procedemento coa indicación do réxime de recursos que proceda ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

Quinto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

C) EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN :

PUNTO CUARTO. CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑO TARRÍO RAÍCES.

LOTE 1 DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DE VARIAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN INCLUÍDAS NO POS ADICIONAL 1/2019 , 3 LOTES. Expediente: 2019/C003/000024

LOTE 1. PAVIMENTACIÓN CAMIÑO TARRIO RAÍCES.

Expediente: 2020/C003/0000003

Con data 30.01.2020, a Xunta de Goberno local do Concello de Ames, aprobou o expediente de licitación, mediante procedemento aberto simplificado, factor prezo, tramitación ordinaria, dos contratos de obras de pavimentación incluídas no POS Adicional 1/2019, convocando a súa licitación, nos 3 lotes seguintes:

Lote 1. Pavimentación camiño Tarrío Raíces.

Lote 2. Pavimentación acceso a Sura.

Lote 3. Pavimentación viais núcleo Raíces.

Tramitado o procedemento para o Lote 1 Pavimentación camiño Tarrío Raíces, con data 12.03.2020, reúnese a Mesa de contratación aos efectos de apertura de ofertas e valoración do sobre C.

Ante as elevadas porcentaxes de baixa presentadas por algúns dos licitadores (en concreto **Francisco Gómez y Cía ; Construcciones Ponciano Nieto SL.; e Obras y Viales de Galicia SL**), acordouse requirir ás ditas empresas documentación xustificativa das súas ofertas económicas.

As empresas presentaron a documentación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

A técnica municipal, María Gamundi Fernández, emite informe desfavorable, informando que as empresas non xustifican axeitadamente a súa baixa temeraria

A Mesa de contratación, reunida o 20.06.2020, á vista do informe emitido pola técnica municipal acordou propoñer ao órgano de contratación a exclusión do procedemento de licitación da obra de Lote 1. Pavimentación camiño Tarrío Raíces, das empresas Francisco Gómez y Cía; Construcciones Ponciano Nieto SL e Obras y Viales de Galicia , por non xustificar debidamente a súa oferta económica, que estaba considerada como anormalmente baixa, formulando proposta de clasificación de ofertas por orde decrecente de puntuación, para as restantes licitadoras.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Excluir do procedemento de licitación da obra de **Pavimentación camiño Tarrío Raíces, lote 1** das obras incluídas no POS Adicional 1/2019, ás empresas **Francisco Gómez y Cía; Construcciones Ponciano Nieto SL e Obras y Viales de Galicia SL** por non xustificar a súa oferta económica, que estaba considerada como anormalmente baixa.

Segundo. Clasificar, por orde decrecente de puntuación, ás restantes empresas participantes na licitación declaradas admitidas no procedemento de licitación das obras de **Pavimentación camiño Tarrío Raíces. Lote 1**, incluídas no POS Adicional 1/2019, coa seguinte orde:

| EMPRESA | OFERTA ECONÓMICA IVE INCLUIDO | PUNTOS |
|--|-------------------------------|--------|
| CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL | 64.744,35 | 96,95 |
| MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL | 65.461,00 | 95,41 |
| SONDEOS PORZUNA SL | 65.562,63 | 95,19 |
| GALSUR PROYECTOS Y OBRAS SLU | 67.735,62 | 90,52 |
| ANTONIO FILLOY SA | 67.881,00 | 90,21 |
| MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL | 68.499,41 | 88,88 |
| CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | 69.583,22 | 86,55 |
| SYR-AMG SL | 69.817,61 | 86,05 |
| ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL | 70.817,82 | 83,90 |
| VIAS Y SERVICIOS COMPOSTELA | 71.217,87 | 83,04 |
| ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA | 73.483,66 | 78,17 |
| OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL | 73.727,27 | 77,64 |
| EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑAS SL | 73.872,74 | 77,33 |
| EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SL | 74.100,05 | 76,84 |
| NEMESIO ORDÓÑEZ SA | 74.709,21 | 75,53 |
| TARRIO Y SUÁREZ SL | 78.427,86 | 64,12 |
| BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL | 79.885,31 | 56,65 |
| EXCAVACIONES POSE SL | 81.675,00 | 47,46 |

Terceiro.- Declarar que as características esenciais da referida contratación para o clasificado en primeiro lugar, **Construcciones J. Mauri e Hijos SL** con CIF B-15261308 son as que figuran na proposición formulada pola empresa e ás que figuran nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e nos Pregos de Prescricións Técnicas.

Cuarto.- Prezo:

A.- O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de cincuenta e tres mil cincocentos sete euros e setenta e tres céntimos **(53.507,73 €)**.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á contía de once mil douscentos trinta e seis euros e sesenta e dous céntimos **(11.236,62 €)**.

Quinto.- Duración do contrato

A duración inicial do contrato será de **6 meses**, a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comenzo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

Sexto.- Resto de condicións. O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnica polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Sétimo.- Notificar o presente acordo aos licitadores e dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Oitavo.- No prazo de **sete días hábiles**, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presentará, por medios electrónicos e con sinatura electrónica a seguinte documentación:

a) Índice de documentos presentados

b) Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.

c) Xustificación da solvencia Económica e Financeira

Debera acreditar a solvencia económica mediante os requisitos específicos de solvencia económica e financeira que se indican no PCAP.

d) Solvencia Técnica.

Deberá acreditar a solvencia técnica mediante os requisitos específicos de solvencia técnica que se indican no PCAP.

e) Garantía.

Documento acreditativo de ter constituída en calquera das formas establecidas no **artigo 108 da LCSP** unha **garantía definitiva por un importe de 2.675,39 €** segundo se especifica nos pregos que rexeron para a licitación correspondentes ao 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

Documento xustificativo, de ser o caso, de reembolso ao concello do importe dos anuncios de licitación. O adxudicatario deberá aboar ao concello en concepto de reembolso dos gastos de publicacións dos anuncios de licitación de acordo co estipulado no artigo 75 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

f) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometera a dedicar ou adscribir á execución do contrato segundo o establecido no PCAP.

A acreditación poderá realizarse:

Medios persoais:

-Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras

-Numero de traballadores que especifique se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou os TC

Medios materiais:

Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.

- De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.

- Asi mesmo poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.

- No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade destes medios materiais para a obra obxecto do presente contrato.

Non será necesario acreditar a efectiva disposición dos medios persoais e materiais establecidos no anexo V no caso de que o contratista proposto como adxudicatario dispoña da clasificación establecida no apartado 8 do anexo I do presente prego.

De non presentarse a citada documentación no prazo conferido non se poderá proceder a adxudicación do contrato ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Noveno.- Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO QUINTO. CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN VIAIS NÚCLEO RAÍCES.

LOTE 3 DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DE VARIAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN INCLUÍDAS NO POS ADICIONAL 1/2019 , 3 LOTES.Expediente: 2019/C003/000024

LOTE 3. PAVIMENTACIÓN VIAIS NÚCLEO RAÍCES.

Expediente: 2020/C003/000005

Con data 30.01.2020, a Xunta de Goberno local do Concello de Ames, aprobou o expediente de licitación, mediante procedemento aberto simplificado, factor prezo, tramitación ordinaria, dos contratos de obras de pavimentación incluídas no POS Adicional 1/2019, convocando a súa licitación, nos 3 lotes seguintes:

Lote 1. Pavimentación camiño Tarrío Raíces.

Lote 2. Pavimentación acceso a Sura.

Lote 3. Pavimentación viais núcleo Raíces.

Tramitado o procedemento para o Lote 3 „Pavimentación viais do núcleo de Raíces, con data 21.04.2020, reúnese a Mesa de contratación , aos efectos de apertura de ofertas e valoración do sobre C. Ates as elevadas porcentaxes de baixa presentadas por algúns dos licitadores (en concreto **(Francisco Gómez y Cía e Arias Infraestructuras SA)** ,acordou requirir ás ditas empresas a documentación xustificativa das súas ofertas económicas.

As empresas presentaron documentación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

A técnica municipal, María Gamundi Fernández, emite informe desfavorable, informando que as empresas non xustifican axeitadamente a súa baixa temeraria

A Mesa de contratación, reunida o 23.06.2020, á vista do informe emitido pola técnica municipal acordou propoñer ao órgano de contratación a exclusión do procedemento de licitación da obra de Lote 3. Pavimentación viais núcleo Raíces, das empresas Francisco Gómez y Cía e Arias Infraestructuras SA, por non xustificar debidamente a súa oferta económica, que estaba considerada como anormalmente baixa, formulando proposta de clasificación de ofertas por orde decrecente de puntuación, para as restantes licitadoras.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Excluir do procedemento de licitación da obra de **Pavimentación viais do núcleo de Raíces, lote 3** das obras incluídas no POS Adicional 1/2019, ás empresas **Francisco Gómez y Cía e Arias Infraestructuras SA** por non xustificar a súa oferta económica, que estaba considerada como anormalmente baixa.

Segundo. Clasificar, por orde decrecente de puntuación, ás restantes empresas participantes na licitación declaradas admitidas no procedemento de licitación das obras de **Pavimentación viais núcleo Raíces, lote 3** das obras de pavimentación incluídas no POS Adicional 1/2019, coa seguinte orde:

| EMPRESA | OFERTA ECONÓMICA IVE INCLUÍDO | PUNTOS |
|--|-------------------------------|--------|
| OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL | 74.420,00 | 94,80 |
| NEMESIO ORDÓÑEZ SA | 76.858,23 | 90,11 |
| CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | 76.940,27 | 89,95 |
| GALSUR PROYECTOS Y OBRAS SLU | 77536,03 | 88,80 |
| MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL | 78682,52 | 86,58 |
| ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL | 79.199,72 | 85,59 |

| | | |
|---|-----------|-------|
| VIAS Y SERVICIOS COMPOSTELA | 80.072,64 | 83,91 |
| EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑAS SL | 82.003,34 | 80,19 |
| SYR-AMG SL | 83.276,69 | 77,74 |
| OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL | 83.564,33 | 77,18 |
| EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SL | 83697,83 | 76,93 |
| TARRIO Y SUÁREZ SL | 89.027,80 | 62,11 |
| CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL | 91.502,79 | 50,87 |
| CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL | 93.258,90 | 42,89 |
| SONDEOS PORZUNA SL | 93.566,99 | 41,49 |
| MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL | 94380 | 37,80 |
| BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL | 95.138,25 | 34,35 |

Terceiro. Declarar que as características esenciais da referida contratación para o clasificado en primeiro lugar, **Obras y Viales de Galicia SL** con CIF B-15608193 son as que figuran na proposición formulada pola empresa e ás que figuran nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e nos Pregos de Prescricións Técnicas.

Cuarto. Prezo:

A.- O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de sesenta e un mil cincocentos catro euros e trece céntimos **(61.504,13 €)**

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á contía de doce mil novecentos quince euros e oitenta e sete céntimos **(12.915,87 €)**.

Quinto.-Duración do contrato

A duración inicial do contrato será de **6 Meses**, a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comenzo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

Sexto. Resto de condicións. O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Sétimo. Notificar o presente acordo aos licitadores e dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Oitavo.- No prazo de **sete días hábiles**, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presentará, por medios electrónicos e con sinatura electrónica a seguinte documentación:

a) Índice de documentos presentados

b) Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.

c) Xustificación da solvencia Económica e Financeira

Debera acreditar a solvencia económica mediante os requisitos específicos de solvencia económica e financeira que se indican no PCAP.

d) Solvencia Técnica.

Deberá acreditar a solvencia técnica mediante os requisitos específicos de solvencia técnica que se indican no PCAP.

e) Garantía.

Documento acreditativo de ter constituída en calquera das formas establecidas no **artigo 108 da LCSP** unha **garantía definitiva por un importe de 3.075,21 €** segundo se especifica nos pregos que rexeron para a licitación correspondentes ao 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

Documento xustificativo, de ser o caso, de reembolso ao concello do importe dos anuncios de licitación. O adxudicatario deberá aboar ao concello en concepto de reembolso dos gastos de publicacións dos anuncios de licitación de acordo co estipulado no artigo 75 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

f) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometera a dedicar ou adscribir á execución do contrato segundo o establecido no PCAP.

A acreditación poderá realizarse:

Medios persoais:

-Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras

-Numero de traballadores que especifique se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou os TC

Medios materiais:

Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.

- De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberan describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.

- Así mesmo poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.

- No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade destes medios materiais para a obra obxecto do presente contrato.

Non será necesario acreditar a efectiva disposición dos medios persoais e materiais establecidos no anexo V no caso de que o contratista proposto como adxudicatario dispoña da clasificación establecida no apartado 8 do anexo I do presente prego.

De non presentarse a citada documentación no prazo conferido non se poderá proceder a adxudicación do contrato ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Noveno. Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO SEXTO. ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO E DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO NO RURAL DO CONCELLO DE AMES. ACTUACIÓN IDAE.

Expediente: 2020/C004/000003

A Xunta de Goberno local, na súa sesión do 20.02.2020, aprobou o expediente de licitación,

mediante procedemento aberto simplificado do servizo de redacción de proxecto e dirección facultativa da actuación de mellora de eficiencia enerxética no alumeado rural do Concello de Ames, actuación IDAE, convocando a súa licitación.

Tramitado o expediente, e presentadas as ofertas polas licitadoras, mediante decreto 873/2020 de 13.04.2020 (posteriormente corrixido polo decreto 876/2020) acordouse a exclusión do procedemento de licitación da empresa Taller de Ingeniería MYL, SLP, resultando clasificada en primeiro lugar Idom Consulting, Engineerint, Architecture, SAU.

Con data 15.04.2020, R.E. municipal núm 202099900001026 a empresa Taller de Ingeniería MYL, SLP, CIF B-15802612 interpón recurso de reposición fronte ao decreto 873/2020 de exclusión do procedemento de licitación (posteriormente corrixido polo decreto 876/2020).

O 23.04.2020 mediante decreto 927/2020 estímase dito recurso de reposición.

Mediante decreto da Alcaldía número 948/2020, de 29 de abril de 2020, unha vez estimado o recurso de reposición, realizouse unha segunda clasificación de ofertas na que resultou clasificada en primeiro lugar a empresa Taller De Ingeniería MYL, SLP, que foi requirida para achegar a documentación previa á adxudicación.

Con data 19 .05.2020 reúnese a Mesa de contratación, aos efectos da clasificación e valoración da documentación achegada polo primeiro clasificado; a documentación estímase incompleta e requírese á clasificada en primeiro lugar.

Achegada a documentación en prazo e a través da Plataforma de Contratación do Sector Público a Mesa de contratación, reúnese con data 26.05.2020, aos efectos de valorar e cualificar a documentación aclaratoria requirida acordando solicitar unha aclaración

Con data 09.06.2020, reúnese a Mesa de contratación, co fin de valorar a documentación complementaria e aclaratoria achegada pola licitadora, constatando que a documentación xa está completa, propoñendo o órgano de contratación a adxudicación en favor da empresa **Taller De Ingeniería Myl, SLP**.

Figura no expediente informe de fiscalización favorable do Intervención municipal (informe 2E/2020).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019) adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Adxudicar a **Taller De Ingeniería MYL, SLP**, CIF **B-15802612** o contrato do Servizo de Redacción do Proxecto e Dirección Facultativa das Obras de Mellora da Eficiencia Enerxética do Alumeado no Rural do Concello de Ames, actuación IDAE, coas seguintes características:

| Oferta Económica | | | |
|--|-------------|--|---------------|
| CONCEPTO | IMPORTE | IVA | IMPORTE TOTAL |
| Redacción proxecto | 16.500,00 € | 3.465,00 € | 19.965,00 € |
| Dirección de Obra | 11.400,00 € | 2.394,00 € | 13.794,00 € |
| Cualificación e experiencia do persoal | | | |
| Categoría | | N.º proxectos novos a partir do mínimo exigido | |
| Ingeniero Industrial | | 4 | |
| Ingeniero Técnico | | 4 | |
| Titulado medio o superior con formación en prevención de riscos laborais | | 2 | |
| Experiencia en Dirección facultativa de obra | | | |
| Número de obras en las que haya participado como Director de Obra | | | |
| 5 | | | |
| Asistencia del equipo redactor a reunión inicial | | | |
| SI | | NO | |

| | |
|--|---------------------------|
| X | |
| Remisión de Informes semanais sobre el estado de la redacción del proxecto | |
| SI | NO |
| X | |
| Asistencia del equipo redactor a reunión final para expoñer el proxecto redactado y resolver cuestiones | |
| SI | NO |
| X | |
| Redución del prazo de entrega del proxecto | |
| Días reducidos | Prazo de execución |
| 21 | 39 |

En canto as anualidades estas serían:

| Anualidade | Redacción proxecto | Dirección Obra |
|-------------|--------------------|----------------|
| 2020 | 19.965,00 € | 2.299,00 € |
| 2021 | | 6.897,00 € |
| 2022 | | 4.598,00 € |

Segundo.- Réxime de pagos

| Anualidade | Concepto | Forma de pago |
|-------------|-----------------------|--|
| 2020 | Redacción do proxecto | Entrega e conformidade do proxecto |
| | Dirección de obra | Efectuaranse pagos mensuais con cada certificado de obra |
| 2021 | Dirección de obra | Efectuaranse pagos mensuais con cada certificado de obra |
| 2022 | Dirección de obra | Efectuaranse pagos mensuais con cada certificado de obra |

Terceiro. Duración do contrato.

A duración do contrato será de 27 meses, sen posibilidade de prorroga co seguinte desglose:

Redacción de proxecto: 39 días (segundo oferta formulada polo licitador)

Dirección de obra: dende o inicio das obras (estimado no mes de outubro) ata xuño de 2020, data de fin de xustificación da actuación subvencionada).

Aínda que inicialmente se establecera como inicio do contrato o 1 de abril de 2020 para os traballos de redacción do proxecto, esta data quedou sen efecto ante a situación de declaración do estado de alarma a través do decreto 463/2020, de 14 de marzo.

O inicio do contrato e polo tanto da prestación do servizo será ao día seguinte da sinatura do mesmo.

Cuarto. Resto de condicións. O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Quinto. Prazo de garantía

Establecese un prazo de garantía de 1 ano a contar dende que rematen os traballos de dirección de obra.

Sexto. Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público para a súa inscrición os datos básicos do contrato adxudicado. Tamén será publicado na Plataforma de contratación do Estado.

Sétimo. Notificar o presente acordo aos interesados, e dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Oitavo. Facultar ao alcalde de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO SÉTIMO. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DO SERVIZO DOS PROGRAMAS MUNICIPAIS DE CONCILIACIÓN LÚDICOS E ESCOLA DE VERÁN DO CONCELLO DE AMES. PROCEDIMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA E TRAMITACIÓN ORDINARIA.

Expediente: 2020/C004/000006

Con data 03.06.2020 o departamento de Educación informou da necesidade de iniciar o expediente de licitación do servizo dos Programas Municipais de Conciliación Lúdicos e Escola de Verán do Concello de Ames.

Figura no expediente informe da Intervención municipal (informe 194/2020), sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Figura informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Figura Informe de Intervención, acerca da existencia de crédito axeitado e suficiente para afrontar os gastos derivados deste contrato no ano 2020.

Figura informe proposta de Secretaria.

Figura ademais informe de conformidade do Interventor accidental , (informe 3E /2020).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, varios criterios de adxudicación suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria do servizo dos Programas Municipais de Conciliación Lúdicos e Escola de Verán do Concello de Ames, convocando a súa licitación.

Segundo.- Aprobar o importe total do contrato que ascende a 393.918,06 € máis o 10% de IVE o que fai un importe total de **433.309,87 €**.

O valor estimado ascende a 1.142.362,37 €.

Terceiro.- Aprobar e dispor o gasto para anualidade do 2020 por un importe de 18.146,30 €, mais IVE do 10% o que fai un importe total de 19.960,93 € con cargo a aplicación orzamentaria 3261.22799 do vixente orzamento municipal.

Para as seguintes anualidades, ao tratarse de un gasto plurianual, de conformidade co artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a realización do gasto para os exercicios futuros (2021-2022) estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente nos respectivos orzamentos con arranxo ao seguinte desglose:

As anualidades restantes serán as seguintes:

| Anualidade | Importe | IVE 10% | TOTAL |
|------------|---------|---------|-------|
|------------|---------|---------|-------|

| | | | |
|------|--------------|-------------|--------------|
| 2021 | 196.959,03 € | 19.695,90 € | 216.654,93 € |
| 2022 | 178.812,74 € | 17.881,27 € | 196.694,01 € |

Cuarto.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e os Pregos de Prescricións Técnicas que rexeran o contrato e a licitación elaborados polo departamento de Contratación e Educación, respectivamente, que figuran como anexo a este acordo.

Quinto.- Publicar o expediente de contratación e o anuncio de licitación no Perfil do Contratante do órgano de contratación co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. Enviar anuncio ao Diario Oficial da Unión Europea para a súa publicación por ser un expediente suxeito á regulación harmonizada

Sexto.- Nomear a seguinte Mesa de Contratación, mesa xenérica aprobada en Xunta de Goberno Local do 04.07.2019.

Presidente/a da Mesa:

José M. Miñones Conde, Alcalde do Concello,

1º suplente: Primeira Tenente de Alcalde, David Santomil Mosquera.

2º suplente: Segundo Tenente de Alcalde, José Blas García Piñeiro.

3º suplente: Terceiro Tenente de Alcalde, Genma Otero Uhía.

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, Secretaria municipal que actuará como Vogal ou funcionaria que actúe como secretaria accidental.

Margarita Fernández Sobrino, Interventora municipal, que actuará como Vogal ou funcionario/a que actúe como interventor/a accidental.

José Rogelio Pardo Martínez, Xefe do Servizo de Contratación ou calquera outro funcionario/a da corporación.

A secretaria/o da mesa:

Emilio Garrido Moreira

1º Suplente: M^a Isabel Quintáns Rios

2º Suplente: Jose Cabo Nodar

Sétimo.- Nomear como responsable do contrato a Rosa I. Gracia Agrelo, de acordo co disposto no artigo 62 da LCSP.

Oitavo.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais afectados.

Noveno.- Facultar ao alcalde do concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Anexo

| CONTRATO DE SERVICIOS | | | | |
|--|-------------------------------------|----------------------------------|-------------------------------------|------------------------|
| Procedimiento Abierto | | | | |
| Oferta con mejor relación calidad-precio | <input type="checkbox"/> | Varios criterios de adjudicación | <input checked="" type="checkbox"/> | Precio mas bajo |
| Tramitación ordinaria | <input checked="" type="checkbox"/> | Tramitación urgente | <input type="checkbox"/> | Tramitación anticipada |
| Sujeto a Regulación Armonizada | | SI | <input checked="" type="checkbox"/> | NO |

Expediente número : 2020/C004/000006

CUADRO RESUMEN DE CARACTERÍSTICAS

| A.- PODER ADJUDICADOR | |
|--|--|
| 1- Administración contratante | AYUNTAMIENTO DE AMES |
| 2- Órgano de contratación | JUNTA DE GOBIERNO LOCAL (Decreto delegación 1776/2019) <input checked="" type="checkbox"/> PLENO <input type="checkbox"/> |
| 3.- Servicio Gestor | Departamento de Contratación |
| 4.- Fecha de Informe de necesidad | 02-06-2020 |
| 5.- Responsable del contrato | Rosa I. García Agrelo |
| 6.- Datos del órgano de contratación: | Dirección: Praza do Concello, s/n |
| | Teléfono: 981.88.30.02 |
| | Fax: 981.88.49.29 |
| | Dirección del Perfil del contratante www.concellodeames.gal |
| | Email: isabel.quintans@concellodeames.gal |
| B.- DEFINICIÓN DEL OBJETO DEL CONTRATO | |
| 1.- Objeto de contrato: | SERVICIO DE PROGRAMAS MUNICIPALES DE CONCILIACIÓN LÚDICOS Y ESCUELA DE VERANO |
| 2.- Tipo de Contrato | Servicios |
| 3.- Inscripción Registro de Licitadores | SI <input type="checkbox"/> NO <input type="checkbox"/> X <input checked="" type="checkbox"/> |
| 4.- Código CPV: | 85311300-5: Servicios de bienestar social proporcionados a niños y jóvenes |
A ratio de monitores do servizo está fixada en 1 monitor por cada grupo de 15 usuarios/as, coa salvidade dos nenos/as que precisan unha atención específica en función das súas circunstancias concretas, debido a necesidades específicas de apoio por algunha discapacidade ou enfermidade diagnosticada que ocasiona unha reducida autonomía ou dificultades no desenvolvemento sensorial, motriz ou cognitivo.

Esta ratio de 1 monitor por cada grupo de 15 usuarios/as é a ratio teórica e ten as seguintes particularidades:

- Será determinada por localidade (Bertamiráns e Milladoiro), en función dos nenos e nenas matriculados/as no servizo en cada localidade. Tamén se terá en conta as especiais características do servizo desenvolvido no Milladoiro, en instalacións separadas no horario de 9:00 a 14:30h., sendo necesario desprazar aos nenos/as desde unha instalación ata outra, en función do horario solicitado.
- A empresa, sempre que non sobrepase o número de monitores autorizados, poderá reforzar a atención dos máis cativos reducindo a dos de máis idade.

Atenderase a necesidade de monitores de apoio para os nenos e nenas con necesidades específicas mencionadas anteriormente, o Concello analizará a necesidade en cada caso concreto. Os nenos e nenas dotados dun monitor/a específico non contarán para o cómputo da ratio xenérica.

Calquera alteración no número de monitores que se orixine neste servizo será previamente autorizada por escrito polo Concello.

b) Calendario e horario

O servizo desenvolverase naqueles locais habilitados polo concello no período vacacional fixado polo calendario escolar establecido pola Consellería de Educación nos meses de setembro, nadal, entroido, primavera, xuño, xullo, agosto, excepto festivos nacionais e autonómicos.

Horario do servizo:

O servizo abrangue de 7:30 h. a 16:00 horas, comprendendo os seguintes tramos:

- De 7:30 h. ás 9:00h: Iníciase o programa co servizo “Bos Días”, que inclúe opcionalmente o almorzo. O servizo de almorzo só funcionará ata as 8:30 h. En relación ao núcleo poboacional de Milladoiro, os nenos de primaria que usen o servizo de almorzo deberán ser trasladados desde a escola infantil de Milladoiro ata o pavillón municipal onde os nenos de primaria desenvolverán as actividades de lecer educativas, quedando os de infantil na escola por ser este o lugar no que eles desenvolverán ditas actividades.
- De 9:00 h. ás 14:30 h: desenvolvemento das actividades de lecer e educativas propias do servizo. Durante este horario as empresas deberán ter en conta que, en relación ao núcleo poboacional de Milladoiro, os nenos de primaria que usen o servizo de comedor deberán ser trasladados desde o pavillón municipal á escola infantil do Milladoiro entre 13:40 e 13:50.
- De 14:30 h. ás 16:00 h: comedor e xogo libre.

Os nenos e as nenas que non usen o servizo de comedor deberán ser recollidos/as antes das 14:30 h. e os usuarios do comedor antes das 16:00 h.

Tramos de horarios do servizo:

Os tramos horarios que o usuario/a poderá solicitar para utilizar o servizo son os seguintes:

- De 7:30 a 16:00 h. (podendo escoller con ou sen almorzo)
- De 7:30 a 14:30 h. (podendo escoller con ou sen almorzo)
- De 9:00 a 14:30 h.
- De 9:00 a 16:00 h.

Nos tramos horarios de 7:30 a 16:00 horas e tamén de 9:00 a 16:00 horas inclúese o xantar.

No caso do servizo de escola de verán, o/a usuario/a pode solicitar a utilización do servizo nos seguintes períodos:

1. Por quincena/s
2. Por mes
3. Os dous meses

En todos os servizos ofertados, os nenos participantes deberán cumprir o horario establecido cun marxe de 15 minutos á entrada.

En caso de non asistencia dos nenos ao servizo sen causa xustificada, o Concello, unha vez dada audiencia os pais/nais, tomará unha decisión sobre a continuidade ou non do neno/a no programa.

O Concello aporta as instalacións, así como as súas labores de limpeza e a conserxería.

A responsabilidade do control e coidado dos/as nenos/as polos monitores/as responsables abrangue exclusivamente a franxa horaria de funcionamento do servizo.

c) Características técnicas

c.1) O proxecto para o Programa Lúdico e Escola de Verán

O proxecto ofertado pola empresa deberá conter unha programación pedagóxica integrada dentro dun proxecto educativo que inclúa todos os obxectivos recollidos neste prego adaptada a realidade, tempos, quendas de comida, instalacións, espazos dispoñibles e posibles condicións meteorolóxicas.

O proxecto pedagóxico non deberá superar as 50 páxinas, non incluíndose neste cómputo a portada e o índice. Todos aqueles licitadores que supere o número de páxinas quedarán automaticamente excluídos do procedemento.

c.2) Programación.- Incluirá como mínimo os seguintes puntos:

- **Temática central, descrición.**
- **Obxectivos:** xerais e específicos que se pretende acadar ao finalizar as actividades.
- **Metodoloxía a empregar**
- **Organización temporal:** horario diario pormenorizado e programación diaria.
- **Actividades:** programa detallado das actividades por días e horas, adaptadas aos grupos de idade aos que vaian dirixidas.

As actividades deberán adaptarse ás características dos usuarios e aos espazos dispoñibles.

Descrición detallada das actividades por días e horas, con programación alternativa no caso de non poder levar a cabo a programación orixinal, e aquelas que teñen por obxecto ocupar os tempos residuais.

Adaptacións, no seu caso, para nenos/as con necesidades educativas especiais.

As actividades organizaranse ao redor do proxecto educativo presentado e serán imprescindibles aquelas que contribúan a mellorar a convivencia, desenvolvemento físico, educación en valores, igualdade de xénero, autoestima, creatividade, expresión corporal, educación para a saúde e en valores, toma de decisións, etc.....

O proxecto deberá incluír actividades conducentes ao coñecemento do Concello de Ames.

- **Recursos:**
 - **Persoais.-** estarase ao disposto no "Prego de cláusulas administrativas".
 - **Materiais.-** Descrición dos materiais que precisen para desenvolver as actividades programadas. A empresa adxudicataria deberá ter en conta as distintas particularidades dos nenos/as que presenten algún tipo de intolerancia ou alerxia.
 - **Avaliación:** O proxecto deberá describir o modo de avaliación que pensa realizar.
 - **Outros:** Plan de acción no caso de accidentes, saídas culturais,.....

c.3) Servizo de almorzo e xantar.

Servizo de almorzo:

Na prestación do servizo de almorzo tanto dos Programas Lúdicos como da Escola de Verán, a empresa adjudicataria encargárase da xestión das compras e provisión de alimentos, así como da elaboración dos almorzos dos/as usuarios/as nos centros educativos, segundo as pautas que lle sexan asignadas dende o Concello. A empresa recibirá o menú cunha semana de antelación para a súa organización.

A nutricionista do Concello de Ames confeccionará o menú basal e/ou as dietas especiais para os almorzos, sendo responsabilidade da empresa a súa correcta elaboración e distribución. Estas estarán axustadas ás condicións dietéticas, sanitarias e hixiénicas que se esixan para atender as necesidades alimentarias dos usuarios/as.

Os menús serán publicados na web do Concello: www.concellodeames.gal e estarán expostos en cada comedor en lugar visible.

Cráterios para a elaboración dos almorzos:

Os almorzos estarán compostos polos seguintes alimentos, que se irán combinando entre eles: lácteo, cereal e froita.

Os produtos utilizados para a elaboración dos almorzos serán os mesmos para todos os comensais que fagan uso do servizo en cada un dos centros, sen que proceda admitir variación algunha, a excepción dos nenos/as que por alerxias, intolerancias e outras enfermidades o precisen e así sexa notificado dende o Departamento de Educación. Estas dietas especiais serán de obrigado cumprimento para o contratista, sen que supoña aumento algún no custe do servizo.

O almorzo elaborado deberá ter unha presentación e calidade axeitada, proporcionando un almorzo agradable e completo aos usuarios/as do servizo, seguindo as recomendacións do Documento de Consenso sobre Alimentación nos Centros Educativos da Estratexia NAOS. A cantidade das racións axustarase á idade do neno/a, evitando poñer cantidades insuficientes ou excesivas de alimentos, as recomendacións mínimas por idade en canto a cantidade sería:

| ALIMENTO | TAMAÑO MÍNIMO DA RACIÓN (GR) POR IDADE | | |
|--------------|--|----------|-----------|
| | De 3 a 5 | De 6 a 8 | De 9 a 11 |
| Leite | 150 ml | 175 ml | 200 ml |
| Froita | 80 gr | 125 gr | 150 gr |
| Zume natural | 100 ml | 150 ml | 175 ml |
| Torradas | 1 unid | 2 unid | 4 unid |
| Galletas | 3 unid | 6 unid | 9 unid |
| Cereais | 15 gr | 20gr | 25gr |

As cantidades que amosa esta táboa considéranse a ración máis pequena do alimento que debe consumir un neno/a no almorzo. Estas cantidades non debemos velas coma algo estático, hai que ter presente que a alimentación ha de ser adecuada as características e as circunstancias de cada neno, polo cal debe ser apropiada e adaptada a aspectos coma a idade, actividade física, tamaño corporal, etc. Sen deixar de ter presente que a alimentación debe ser suficiente, debido ao cumprimento desta condición ten que cubrir as necesidades do organismo, permitindo un crecemento, desenvolvemento e peso corporal axeitado.

Os alimentos que se utilicen para confeccionar os menús han de cumprir as seguintes características:

- A froita será fresca, de tempada e de primeira calidade ou extra. Sempre se servirá desinfectada e terá un grado de maduración axeitado. Excluirase a froita demasiado verde, demasiado madura ou pasada. No caso de que a froita se sirva en forma de zume, este será de laranxa natural espremido no momento do consumo, nunca será zume comercial.
- En canto aos cereais a utilizar na preparación, seguirán estas recomendacións: non se usarán sempre os mesmos, senón que se alternarán de diferentes tipos; multicereais, con fibra, integrais, etc e sen azucres engadidos. Tamén se debe facer unha alternancia entre os distintos tipos de cereais trigo, millo, arroz, avea...
- Os lácteos servidos serán enteiros. O leite pode acompañarse de cacao ou calquera outro cereal soluble. O iogur pode utilizarse calquera das súas formas tanto líquido coma sólido.
- As marmeladas utilizadas para as torradas serán de diferentes sabores: amorodo, albaricoque, laranxa...
- Os almorzos deberán prepararse coa menor antelación posible ao tempo do seu consumo.
- As materias primas, unha vez retiradas das cámara de refrixeración, serán utilizadas de inmediato, comprobándose antes do seu uso as condicións técnicas sanitarias de aptitude para o consumo.

- Os produtos envasados deberán dispoñer de etiqueta na que conste os datos obrigatorios que figuran na Norma Xeral de Etiquetaxe, Real Decreto 1334/1999, do 31 de xullo.
- É necesario coidar as condicións de manipulación, almacenamento e conservación ata o momento da distribución dos almorzos, co fin de manter a adecuada calidade, hixiene e valor nutritivo dos alimentos.
- Terase en conta e será de obrigado cumprimento pola empresa, non exceder en ningún momento a data de consumo preferente e caducidade dos produtos envasados.
- Non se usarán alimentos que conteñan na súa composición graxas vexetais (palma e coco), graxas trans ou parcialmente hidroxenadas.
- No marco dunha política de promoción da produción ecolóxica e de promover a sustentabilidade, a empresa tentará fomentar na medida do posible a introdución de produtos de proximidade e ecolóxicos, exentos de pesticidas e outros elementos químicos.

Servizo de xantar:

Tanto no servizo de lúdicos e no servizo de escola de verán, a empresa adxudicataria deste lote so se encargará de pór as mesas e os utensilios necesarios para o xantar, da distribución dos alimentos aos usuarios/as e de deixar recollido e limpo o comedor e o mobiliario.

A prestación do servizo de xantar dos Programas Lúdicos debe axustarse ás condicións dietéticas, sanitarias e hixiénicas que serán establecidas dende o Departamento de Educación. Unha semana antes do comezo do programa, a nutricionista do Concello de Ames confeccionará e enviará a empresa adxudicataria, o menú basal e/ou as dietas especiais para o xantar, co fin de que esta poda planificar con tempo suficiente a organización do seu persoal, dado que será responsabilidade da empresa a correcta distribución do menú entre os comensais. Calquera cambio deberá ser comunicado ao Departamento de Educación, este será coñecedor do mesmo coa antelación suficiente para a súa aprobación ou denegación. O departamento pola súa parte tamén estará obrigado a informar a empresa de tódolos cambios acontecidos coa maior celeridade posible.

Os menús basais estarán expostos en cada comedor en lugar visible. Ás familias dos/as nenos/as con necesidades de apoio nutricional específico, faráselle chegar o menú adaptado coa antelación suficiente para que teñan información do mesmo antes do día que comece o servizo.

d) Requisitos solicitados á empresa

As empresas licitadoras do procedemento de contratación do servizo dos *Programas Lúdicos e Escola de Verán* deberán cumprir todos os requisitos que se establezan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas do concurso, e en todo caso:

- a) Acreditar a formalización dun seguro de responsabilidade civil e dun seguro de accidentes colectivos que cubrirá aos participantes de cada actividade, nos termos que sinala o prego de cláusulas administrativas particulares do concurso para o servizo dos Programas Lúdicos e Escola de Verán, e estar ao día no seu pagamento.
- b) Acreditar a formalización de contrato laboral a todos os seus traballadores e a alta na Seguridade Social.
- c) Acreditar que están ao día no pagamento á Seguridade Social e á Facenda Pública.
- d) Acreditar estar en posesión do número de Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios (REGASA) ou do Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos (RGS) en vigor para a prestación deste servizo.
- e) Implantar e manter actualizado, documentado e cos rexistros correspondentes o APPCC en cada un dos locais. Será responsable tamén de implantar un Plan de Trazabilidade, que permita coñecer en todo momento a procedencia das materias primas, con factura das mesmas.
- f) Acreditar o Plan de Formación de Manipuladores, o cal será continuo e por conta da empresa.
- g) Garantir que os seus monitores teñan a formación e os requisitos adecuados.
- h) Proporcionar aos coordinadores/as do servizo un teléfono para a comunicación co Concello e cos pais/nais/titores dos usuarios/as
- i) Facilitar ao monitorado que se vaia encargar das funcións correspondentes nos horarios de almorzo e xantar, o vestiario adecuado (batas, calzado, gorros e guantes, ...etc).

e) Requisitos e formación dos monitores e coordinadores

- Ser maior de idade
- Dispor da formación mínima: título de monitor de tempo libre

- Tamén poderán acceder aquelas persoas que sen ter o título de monitor de tempo libre, teñan a titulación de Maxisterio, Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Traballador Social, Animación Sociocultural, Educación Social, Ciclo Superior en Educación Infantil, ou outros estudos relacionados con educación.
- Posuír coñecementos do galego, oral e escrito, para desenvolver todas as actividades propias do seu traballo en lingua galega.
- Dispor do carné de manipulador de alimentos.
- Dispor da formación suficiente en primeiros auxilios.
- Acreditar mediante certificado médico que non padece ningunha enfermidade física ou psíquica que entrañe perigo ou risco para os nenos/as e para as demais persoas.
- Posuír actitudes e aptitudes de paciencia para o trato cos nenos e nenas, responsabilidade, saber traballar en equipo, tolerancia e respecto cara os usuarios e compañeiros.
- Ter capacidade de traballo para responder á demanda do servizo.
- O equipo de monitores e o coordinadores terán que presentar a correspondente certificación negativa do Rexistro Central de Delincentes Sexuais en cumprimento da Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación de protección á infancia e á adolescencia.

O número exacto de monitores do servizo do *Programa de Lúdicos e Escola de Verán* fixarase atendendo ás problemáticas específicas como enfermidades, discapacidades, problemas de conduta, alimentación, integración, etc, e decidirse polo Concello, unha vez coñecidos os/as usuarios/as inscritos no servizo.

O censo de usuarios/as da Escola de Verán actualízase cunha periodicidade quincenal, e pode variar o número de monitores segundo as variacións do censo.

Establécese unha ratio de 1 monitor por cada 15 usuarios, pero esta poderá modificarse á alza ou á baixa en función das variables indicadas anteriormente e das necesidades do servizo.

f) Funcións dos coordinadores dos/as monitores

- a) Coordinar o grupo de monitores/as e garantir o correcto funcionamento da atención aos nenos/as.
- b) Resolver as incidencias cotiás durante os servizos. En caso de dúbidas acerca da entidade do conflito solicitaranlle as instrucións pertinentes ao empregado/a municipal encargado/a da coordinación do servizo.
- c) Atender aos pais, nais ou titores por teléfono ou persoalmente, para cuestións estritamente técnicas, comportamentos, actitudes e das incidencias alimentarias relacionadas coa atención diaria dos nenos e nenas. En todos os demais casos, deberán informar, en todo momento, ao empregado municipal encargado da coordinación do servizo, así como antes de realizar calquera tipo de xuntanza con calquera familia. Tamén deberán informar ao Concello sobre as inxedanzas e suxestións dos pais, nais e titores/as.
- d) Custodiar a listaxe facilitada polo Concello cos nomes dos nenos e nenas, os seus números de teléfono e outros datos destes, ao abeiro do disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.
- e) Informar puntualmente e reunirse periodicamente co empregado/a municipal encargado/a da coordinación do servizo, seguindo as súas instrucións para lograr a coordinación integral deste.
- f) Preparación de actividades, en lingua galega, segundo as idades.
- g) As funcións contidas no apartado 4.g) deste prego

g) Funcións dos monitores

Os/as monitores do servizo terán as seguintes funcións:

- Levar a cabo o desenvolvemento da programación presentada para o Programa dos Lúdicos e da Escola de Verán
- Atender e custodiar aos nenos/as durante a duración do servizo.
- Resolver as incidencias cotiás de carácter menor que puideran presentarse durante ese tempo, e en caso de dúbidas solicitar as instrucións pertinentes ao responsable municipal do servizo.
- Controlar a calidade e a cantidade, a presentación, condicións hixiénicas e envasado do menú servido cada día e que o enxoval se atopa nun estado idóneo de utilización.
- Controlar que o menú servido se axusta ao previamente planificado e informado a pais, usuarios e Departamento de Educación. Así como, verificar a adecuación do menú servido ao alumnado con necesidades nutricionais específicas.
- Pór as mesas e os utensilios para cando cheguen os nenos/as ao comedor.
- Controlar diariamente as asistencia e ausencias dos rapaces ao servizo.

- Atender a adecuada hixiene dos nenos/as antes e despois das comidas.
- Acompañar aos nenos/as o seu grupo ao sitio que lles corresponda na mesa e instruílos para que o recollan e limpen canto terminen de comer, segundo as súas capacidades e idade.
- Realizar o reparto dos alimentos atendendo a que os rapaces adquiran hábitos alimenticios correctos e segundo as instrucións do Concello para o axeitado funcionamento xeral do servizo.
- Motivar, controlar e supervisar a alimentación dos/as nenos/as e instruílos na adopción de hábitos hixiénicos e de bo comportamento na mesa.
- Administrar medicación aos nenos/as, só en casos especiais e previa autorización e solicitude por escrito do seu pai/nai/titor/titora, e coas oportunas instrucións por parte do Concello.
- Inculcarlles aos nenos/as a necesidade de respectar o horario, as normas de convivencia establecidas e as instalacións, o mobiliario e o material.
- Deixar recollido o comedor e limpo o mobiliario, así como os espazos para a realización de actividades complementarias.
- Atender aos pais, nais ou titores por teléfono ou persoalmente para cuestións estritamente técnicas relacionadas coa atención diaria dos nenos e nenas. En todos os demais casos, deberán informar en todo momento ao Departamento de Educación do Concello.
- Facer entrega dos nenos/as do *Programa dos Lúdicos* e de *Escola de Verán* aos seus pais/nais/titores.
- Desenvolver aquelas funcións que se lles atribúa dende o Concello para o correcto funcionamento do servizo.

h) Inspección e control:

O Departamento de Educación establecerá para o servizo de almorzos e xantar dos seus programas, os sistemas de control de calidade que considere axeitados para facer a comprobación, tanto da calidade como da cantidade, das materias primas empregadas. Poderanse realizar inspeccións sobre a forma de elaboración, distribución e hixiene dos alimentos elaborados, así como do grao de limpeza existente sobre o material, utensilios e persoal.

A persoa que exerza a supervisión estará dotada da autoridade suficiente como para someter a control a calidade e cantidade dos produtos empregados, podendo indicar a necesidade de modificar unha ou outra, e mesmo ambas, ou esixir a retirada dos devanditos produtos se ao seu criterio non cumpren cos mínimos esixibles.

i) Tratamento de nenos/as que necesitan un apoio específico

Distínguese a atención ou apoio que requiren os nenos e nenas que precisan un menú adaptado debido a alerxias, intolerancias ou outras enfermidades, dos nenos e nenas que precisan atención específica por outras razóns ligadas a unha baixa autonomía ou a dificultades no desenvolvemento motriz, sensorial ou cognitivo.

As/os monitoras/es recibirán a información e instrucións oportunas dende o Concello, referida á atención e coidado adecuado que require o menor, así como os riscos existentes e as medidas preventivas que deberán cumprir rigorosamente.

A empresa deberá organizarse para que os monitores/as reciban con fluidez a información oportuna sobre os riscos existentes e as medidas preventivas que deberán adoptarse, dando cumprimento ás pautas de seguridade para o tratamento destes nenos/as.

O Concello tamén proporcionará as instrucións para que os monitores e monitoras poidan proceder en caso de dúbidas, reaccións alérxicas e outras situacións previsibles que poidan darse.

1.- Tratamento específico por alerxias, intolerancias ou outras enfermidades que requiran menús adaptados:

Neste caso estes nenos/as precisan, por un lado, o menú adaptado ás súas necesidades en condicións de seguridade, e por outro, necesitan que se tomen as precaucións adecuadas para que efectivamente realicen a inxesta do menú adaptado e non accidentalmente a do menú basal, o que nalgúns casos podería ser un erro con graves consecuencias, incluso mortais, no caso dos alérxicos, por risco de shock anafiláctico. Estes nenos/as estarán integrados co seu grupo de iguais e non serán separados por causa do tratamento específico que requiren.

2.- Tratamento específico por baixa autonomía ou dificultades no desenvolvemento motriz, sensorial ou cognitivo:

Neste caso estes nenos/as necesitan unha atención especializada adaptada ás súas necesidades concretas e á súa evolución, o que require unha valoración particular para cada caso. Esta valoración será realizada en conxunto polo Concello, a empresa de monitores e o pai/nai/titor do neno/a, que acordarán a atención adecuada que require o menor, así como os riscos existentes e as medidas preventivas que deberán adoptarse. Na medida do posible intentarase integrar a estes nenos/as co seu grupo de iguais.

j).- Recursos didácticos para actividades

En xeral estes recursos serán aportados pola empresa adxudicataria dos monitores, tendo en conta as instrucións preventivas do Concello ante calquera circunstancia relacionada coa seguridade dos nenos/as. Instrucións referidas ao tamaño, composición, características, condicións e hixiene destes recursos, para a prevención de posibles riscos en xeral, así como riscos específicos, como pode ser o caso de haber nenos/as alérxicos/as ao látex, ou a calquera outro compoñente.

k) Forma de pago

A empresa adxudicataria terá dereito só ao abono do servizo realmente prestado aos usuarios e dos almozos realmente servidos, de acordo cos prezos unitarios convidados, con suxeición ao contrato outorgado e as súas modificacións, si as houbera.

l) Actuacións e prestacións a realizar pola empresa

A empresa adxudicataria é responsable da prestación do servizo conforme a normativa vixente que regula a organización e funcionamento do servizo de lúdicos e escola de verán, así como da normativa específica en materia de hixiene sanitaria e normas que lle afectan.

5. LOTE NÚM. 2: SERVIZO DE CÁTERING DE ESCOLA DE VERÁN

O servizo de catering do Programa Escola de Verán encargarase da xestión das compras, provisión de alimentos, deseño dos menús, elaboración, preparación e distribución do xantar dos/as nenos/as que así o soliciten, incluído o seu almacenamento nas debidas condicións de hixiene e seguridade alimentaria ata o momento do seu consumo, subministro de vasos, pratos, cubertos, auga, pan, panos... así coma todo o necesario para consumilo menú e a posterior retirada e limpeza do material fora das instalacións despois de cada servizo. Tamén se encargará da limpeza do enxoval utilizado para o almuerzo no comedor do CEIP A Maía.

a) Xestión das compras e provisión de alimentos

A empresa concesionaria será a encargada da xestión de compras e da provisión de todos os alimentos e material que sexa necesario para poder prestar o servizo; o pago aos provedores será realizado a cargo desta. Así mesmo, será responsable de implantar e manter actualizados un plan de trazabilidade, documentado e cos rexistros correspondentes, en cada un dos locais, como parte do sistema de autocontrol. Coñecerá a procedencia das materias primas, que deberán ter un correcto almacenamento e un adecuado método de conservación. Os produtos envasados deberán dispor das súas etiquetas correspondentes nas que figuren os datos obrigatorios, acorde cas disposicións legais vixentes en materia de etiquetado de alimentos. Teranse en conta a data de consumo preferente e de caducidade dos produtos envasados. Non se utilizarán nunca produtos caducados.

En todo momento debese garantir unha calidade hixiénica a través da xestión da seguridade alimentaria do alimento. Isto supón o desenvolvemento e seguimento dunhas boas prácticas de hixiene e manipulación de alimentos co obxecto de evitar a súa contaminación biolóxica, química e física desde a compra ata o consumo, polo tanto en todo o proceso de elaboración.

b) Deseño dos menús

De conformidade co establecido no artigo 40 da Lei 17/2011, de 5 de xullo de Seguridade Alimentaria e Nutrición, os menús estarán deseñados por profesionais con formación acreditada en dietética e nutrición, e serán variados, equilibrados e adaptados as necesidades nutricionais de cada grupo de idade. O menú será o mesmo para tódolos comensais de acordo cos criterios de alimentación san e equilibrada, (10-15% proteínas, o 25-30% lípidos e 55-60%hidratos de carbono). Non obstante a empresa ofrecerá menús alternativos para atender aos nenos/as que por problemas de saúde requiran un tratamento nutricional específico e así o acrediten mediante informe médico.

b.1) Composición do menú basal

A empresa adxudicataria deberá detallar a composición dos pratos que integran os menús, debe incluír unha combinación axeitada e variada de alimentos tanto para satisfacer as necesidades nutricionais como para evitar o desequilibrio e a monotonia do menú.

Os menús ofertados deberán estar constituídos polos seguintes elementos:

- Primeiro prato: Debe estar constituído por arroz, pastas, legumes, patacas ou verduras e hortalizas (crúas ou cocidas), estes alimentos deben constituír a base da alimentación e aportar polo menos a metade da enerxía que necesitan.

- Segundo prato: É de elección o grupo de alimentos proteicos; carne, peixes, ovos ou legumes. En canto a guarnición, pode ser moi diversa e o tipo de alimentos que se utilicen dependerá da composición do primeiro prato, aínda que xeralmente priorizaranse as verduras, hortalizas e ensaladas nas súas distintas

variedades.

- Sobremesa: A froita será a sobremesa habitual aínda que tamén poden utilizarse derivados lácteos.

- Pan: debe de ser diario e en cantidade e calidade axeitadas.

- Auga: Será a única bebida que acompañe ás comidas, embotellada e de mineralización débil. En canto a frecuencia recomendada dos distintos grupos de alimentos, tamaño das racións de cada grupo de idade e variedade dos mesmos, a hora de deseñar o menú utilizaranse os criterios que establecen tanto o Documento de Consenso sobre Alimentación en Centros Educativos (aecosan) como a Guía de axuda para programar os menús escolares (Xunta de Galicia).

A hora da confección dos menús tamén se terán en conta as seguintes normas:

- Daráselle prioridade ao uso de alimentos frescos, estacionais de proximidade e pouco manipulados.

- Deben ser adecuados á época do ano na que se van servir, neste caso verán.

- Tratarase de manter, incluso potenciar, os aspectos tradicionais saudables da cociña galega.

- Non se recomenda o uso de alimentos procesados e precociñados.

- As formas de preparación dos alimentos deben ser variadas, dándolle prioridade as preparacións sinxelas e máis adecuadas como os asados ao forno, os fervidos ao vapor ou os cocidos (evitar fritos).

- Os pratos deben ter unha identificación clara. Indicarase mediante unha ficha técnica o nome do prato, ingredientes que o compoñen, cantidade, procesos aos que son sometidos nas distintas fases de preparación, elaboración, distribución, así como a valoración nutricional do prato. No caso de que a sobremesa sexa froita deberá indicar tipo, clase e calibre.

- Debe coidarse as presentacións dos menús, as comidas han de ter un aspecto agradable e atractivo, variando cores e formas de presentación.

- As comidas deberán prepararse coa menor anticipación posible ao tempo do seu consumo.

- O aceite utilizado debe ser aceite de oliva, no caso de pratos servidos en cru aceite de oliva virxe extra.

- Debe utilizarse sal iodado, sempre de forma moderada.

- Os alimentos que compoñen o menú deberán axustarse en canto a súa clasificación e calidade ao establecido na normativa alimentaria vixente, sendo en todos os casos de máxima categoría.

b.2) Composición do menú dos tratamentos nutricionais específicos

No referente a composición dos menús para este tipo de tratamentos, intentarase na medida do posible que sexa o máis parecida ao basal, en canto a macronutrientes e a grupos de alimentos, pero eliminando totalmente o alérxeno, e/ou o alimento concreto do menú e outros produtos que o podan conter como aditivo, o que implica un minucioso análise das etiquetas dos alimentos.

Para poder dar estes menús específicos con seguridade, deben cumprirse as seguintes recomendacións:

- Declarar exactamente todos os ingredientes empregados na elaboración dos menús.

- Asegurar un sistema de identificación e etiquetado dos menús.

- Evitaranse aqueles alimentos dos que non se teña a certeza que non conteñen os alimentos prohibidos, limitando ao máximo os produtos industriais.

- Ter o control durante todos os procesos aos que estará sometido o alimento e despois o menú para que non exista en ningún momento unha contaminación cruzada.

A empresa ademais da programación de menús basais que presente para a licitación, terá que xuntar tamén as adaptacións do menú para enfermidade celiaca, alerxia á proteína do leite de vaca, alerxia ao ovo e dieta astrinxente. A empresa que resulte concesionaria do servizo terá que dar reposta, a calquera dieta específica que lle xurda o longo da duración do contrato, sempre que cumpra os requisitos na súa solicitude. Estas dietas especiais serán de obrigado cumprimento sen que supoña aumento algún no custe do servizo.

b.3) Programación dos menús

A empresa ten que presentar unha proposta para todos os días de servizo do Programa Escola de Verán. Con ela adquire o compromiso de realizar a programación de cada un dos menús diarios presentada polo tempo que dure o contrato. No caso de realizar un menú rotatorio por semanas ten que especificar con claridade como será esa rotación.

Os menús basais estarán expostos en cada comedor en lugar visible. Ás familias dos/as nenos/as con necesidades de apoio nutricional específico, faráselle chegar o menú adaptado coa antelación suficiente para que teñan información do mesmo antes do día que comece o servizo. Si en algún momento fose necesario facer cambios na programación, poñerase en coñecemento do Departamento de Educación, cunha antelación mínima de dúas

semanas, para o seu estudo e revisión. Xunto coa petición de cambio achegarase a ficha técnica do prato, no caso de que esta non estea incluída na proposta de licitación presentada á Concellaría de Educación do Concello.

No caso de que a empresa teña que facer unha modificación do menú por causa maior deberá proceder da seguinte maneira:

- Informar á consellaría de educación
- Notificar o día que se ve modificado e que prato
- Notificar o prato que substitúe ao que constaba nos menús
- Notificar que dietas (basal, especiais) se ven afectadas por este cambio
- Notificar o motivo do cambio

Pola súa parte, o Departamento de Educación deberá entregar coa suficiente antelación, os datos co número de menús basais e dietas que deberán servir en cada quincena mentres dure o programa.

c) Elaboración, preparación e distribución do xantar

Os menús que servirá a empresa serán elaborados nas súas instalacións, debéndose acreditar a ubicación desta, o sistema de produción a utilizar e o tempo que transcorre dende a elaboración a entrega.

Débense cumprir en todo momento os menús da súa proposta de licitación, sen que exista variación algunha en canto a materias primas de cada menú, as gramaxes mínimas ou as unidades por comensal de cada materia prima e o valor nutritivo do menú, de modo que a dieta global para cada unha das comidas sexa equilibrada. En todo momento a elaboración e preparación dos pratos ten que coincidir coa ficha técnica do produto e da elaboración. No caso de que exista algunha variación débese poñer en coñecemento do Departamento de Educación. Os alimentos que se utilicen para confeccionar os menús deben presentar unha calidade hixiénica, a través do desenvolvemento e seguimento dunhas boas prácticas de hixiene e manipulación de alimentos co obxecto de evitar a súa contaminación biolóxica, química e física, pero tamén presentarán unha axeitada calidade nutritiva e organoléptica.

A empresa concesionaria estará obrigada a ter implantado e manter actualizado un sistema de autocontrol constituído polos Prerrequisitos/Plans Xerais de Hixiene e sistema APPCC.

c.1) Transporte

A empresa concesionaria será responsable do reparto das comidas, asegurando que cheguen en perfectas condicións para cada neno/a do servizo, no referente a cantidades prescritas, calidade, hixiene, temperatura e puntualidade. O transporte entregará as comidas nos locais diariamente, esta nunca será antes das 12:30 nin despois das 13.30 horas.

Os vehículos utilizados para o transporte deberán reunir as condicións adecuadas para a conservación dos alimentos, axustándose ao establecido na normativa vixente. Disporán tanto da acta de Inspección Técnica dos Vehículos como da Inspección de Sanidade, mantendo as condicións hixiénico-sanitarias axeitadas en todo momento. A persoa responsable do reparto e entrega das comidas, velará porque os alimentos durante o transporte estean debidamente separados do resto do material e enxoval que se entregue para o servizo.

Os colectores isotérmicos que transportan as cubetas cos distintos pratos do menú serán hixienizados diariamente con métodos físico mecánicos, provistos dun sistema que asegure a súa correcta limpeza e desinfección. Dentro destes colectores nunca poderán vir pratos diferentes para evitar a contaminación cruzada e deben estar perfectamente etiquetados indicando que prato é.

A empresa será responsable do control da temperatura nas fases de almacenamento, conservación, transporte e distribución das comidas. A temperatura mínima de entrega dos pratos quentes será de 65°C e a dos pratos fríos non superará nunca os 8°C. No caso de que se produza unha incidencia coas temperaturas a empresa terá que proveer ao servizo dunha alternativa de menú. É necesario que a empresa adxudicataria expoña na súa proposta cal será o protocolo de actuación ante este tipo de incidencias.

d) Subministro e limpeza do enxoval

A empresa adxudicataria será a encargada de subministrarlle a cada local onde se realice o xantar vasos, pratos, cubertos, bandexa, culleróns, espumadeiras, etc, así como todo o necesario para poder consumir o menú. Recoméndase entregar en cada local algún servizo de mesa a maiores, para poder facer fronte a incidencias do mesmo por deterioro ou sucidade. O material dun só uso que terá que proporcionar estará composto por panos, luvas e bolsas para o lixo, tendo que asumir a reposición do mesmo mestres dure o contrato.

A limpeza e desinfección de todo o enxoval e colectores de transporte utilizado para a prestación do servizo de xantar corre a cargo da empresa, e realizarase fora das instalacións despois de cada servizo. A hora de recollida da menaxe non será antes das 15.30 horas. O adxudicatario retirará e substituirá de xeito inmediato calquera prato, vaso, cuberto ou outro elemento que presente calquera tipo de deterioro.

Por outra parte, a empresa adxudicataria terá que asumir a limpeza do enxoval utilizado para o almorzo no comedor

do CEIP A Maía, dado que nese centro non se dispón de lavalouza para poder realizar esa tarefa, pero neste caso non ten que proporcionar ela o material.

e) Plan de comunicación

As empresas aportarán un plan de comunicación encamiñado a posuír un coñecemento de tódolos criterios, accións e incidencias que se desenvolvan durante o período de prestación do servizo. Comprenderá:

- N° de usuarios que precisan menú basal e dietas específicas.
- Plan de comunicación ca técnica en dietética e nutrición do Concello, a empresa adxudicataria do servizo de lúdicos e escola de verán e o Departamento de Educación do Concello.
- Incidencias e capacidade de reacción ante as mesmas.

f) Requisitos solicitados á empresa

Con independencia das obrigacións que se derivan para o adxudicatario no Prego de Cláusulas Administrativas, o adxudicatario estará como mínimo obrigado a:

- A formación continuada en materia de hixiene alimentaria do persoal manipulador, de acordo co previsto no artigo 12 do Real Decreto 3484/2000, de 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas. Así mesmo, estará a cargo da empresa a formación continuada do persoal que dependa dela.
- O desenvolvemento e aplicación dun plan permanente de autocontrol sanitario baseado no sistema de análise de perigos e puntos de control crítico para garantir a hixiene dos alimentos, de acordo cos disposto no Real Decreto 3484/2000, de 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas (B.O.E. de 12 de xaneiro de 2001).
- A realización de análise microbiolóxicos das superficies das zonas de elaboración, dos utensilios e do enxoval, así como de pratos preparados, para verificar a eficacia dos sistemas de limpeza.
- A programación dos menús mensuais, por parte dun profesional, con formación en dietética e nutrición, co obxecto de que os menús cumpran os requisitos necesarios desde o punto de vista dietético.
- A empresa adxudicataria está obrigada ao cumprimento das normas de hixiene dos produtos alimenticios recolleitas no Real Decreto 640/2006 de 26 de maio, e das normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas que establece o Real Decreto 3484/2000, de 29 de decembro, así como á observancia da normativa sobre calidade sanitaria específica de cada produto, que deberán proceder de empresas autorizadas, con número de rexistro sanitario vixente.
- A utilizar sempre produtos de primeira calidade, á limpeza meticulosa do enxoval; a coidar a correcta vestimenta e presentación do persoal ao seu cargo; á utilización de alimentos e ingredientes en perfecto estado de conservación; e, en xeral, a cantas obrigacións similares sexan necesarias para o óptimo funcionamento do servizo.

e) Inspección e control:

O Departamento de Educación establecerá para o servizo de xantar da escola de verán, o sistema de control de calidade que considere axeitado para facer a comprobación, tanto da calidade como da cantidade, das materias primas empregadas. Poderanse realizar inspeccións sobre a forma de elaboración, distribución e hixiene dos alimentos elaborados, así como do grao de limpeza existente sobre o material, utensilios e persoal.

A persoa que exerza a supervisión estará dotada da autoridade suficiente como para someter a control a calidade e cantidade dos produtos empregados, podendo indicar a necesidade de modificar unha ou outra, e mesmo ambas, ou esixir a retirada dos devanditos produtos se ao seu criterio non cumpren cos mínimos esixibles.

f) Forma de pago

A empresa adxudicataria terá dereito só ao abono do servizo realmente prestado aos usuarios que utilizan o comedor, de acordo cos prezos unitarios convidados, con suxeición ao contrato outorgado e as súas modificacións, si as houbera.

g) Actuacións e prestacións a realizar pola empresa

A empresa adxudicataria é responsable da prestación do servizo conforme a normativa vixente que regula a organización e funcionamento dos comedores escolares, así como da normativa específica en materia de hixiene sanitaria e normas que lle afectan.

Ames, 2 de xuño de 2020
A técnico de educación
Rosa I. García Agrelo

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás catorce horas e vinte minutos, estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde
José M. Miñones Conde



A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo.